

SÁBADO 19 DE AGOSTO

Compañía: MIRCROMINA TÍTERES

Espectáculo: RAIO THE LOUBICÁN

Clasificación: Teatro infantil / Monicreques

Duración: 55 minutos

Idade: todos los públicos (infantil e familiar a partir dos 3 anos)


Raio the Loubican, metade lobo metade can é un divertido e interactivo espectáculo de títeres no que un can faise coa atención de toda a platea contando a súa historia con música en directo, presentador e 3 técnicas de monicreques na proporción xusta como para sorprender e divertir por igual a maiores e crianzas!



#### HOMENAXE A ANA ISABEL RODRÍGUEZ

Unha das mulleres pioneiras na arte dos títeres en Galicia que no ano 1974 escribiu os primeiros textos en galego por encargo da asociación cultural Avantar do Carballiño. O seu lema era "por un teatro en galego".

Evento organizado por Unima Galicia no que se lle outorgará a Ana Isabel un premio de recoñecemento e será representada a súa obra "O tesouro da bruxa pelona!"



#### OBRAZOIRO DE TÍTERES

Duración: 2 horas

Destinatarios: nen@s a partir do 5 anos

Prazas limitadas: 20

Inscripciones: Dpto. de Cultura do Concello

Nota: Se o tempo non o permite, pode haber cambios.

O seguinte programa pode ter modificacións de última hora, consultar redes sociais do Concello.

Síguenos: [f/concello.ocarballino](#)

Organiza:



Concello do Carballiño

Colabora:



DESENHO E DISEÑO: ESTUDIO DE CACAO



Do 16 ao 19 de agosto de 2023

LUGAR: EXPLANADA DO PARQUE MUNICIPAL DO CARBALLIÑO

HORA: 19:30h

(en caso de choiva, as obras trasladaranse ao Auditorio Manuel María)

## MÉRCORES 16 DE AGOSTO

Compañía: FANTOCHESES BAJ


Espectáculo: A VIAXE FELIZ DE RAMÓN SANFIZ

Clasificación: Teatro infantil / Monicreques

Duración: 50 minutos

Idade: a partir dos 6 anos

**Sinopse:** Ramón Sanfiz, aventureiro e percusionista dunha orquestra de baile da mariña, dispõe a percorrer un novo itinerario co seu triciclo. No encontro co público cóntalles a viaxe que realizou desde a súa vila natal ata San Andrés de Teixido engarzando as diferentes historias que aprendeu dos habitantes que se foi topando polo camiño. Para a narración apoiarase en diferentes técnicas do teatro de rúa: a música, os títeres, os romances de cego, o limberjack e o Kamishibai.



### OBRADOIRO DE TÍTERES

Duración: 2 horas

Prazas limitadas: 15

Destinatarios: nen@s a partir do 4 anos

Inscripciones: Dpto. de Cultura do Concello

## XOVES 17 DE AGOSTO

Compañía: A XANELA DO MAXÍN

Espectáculo: LÚA QUERE VIAXAR A... MARTE!

Clasificación: Teatro infantil / Monicreques

Duración: 40 minutos


Idade: de 3 a 9 anos

**Sinopse:** Despois de dar a volta ao mundo, Lúa sorprende a familia e amizades cunha gran novidade: Agora quere ir a Marte!

Malia todos os atrancos e dificultades, Lúa non está disposta a renunciar ao seu sonho de ser astronauta e fará todo o posible para logralo e poder así viaxar a Marte.

Unha actividade para fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Hai e houbo grandes mulleres científicas, investigadoras e astronautas, que son o referente de Lúa para seguir adiante e enfrentarse aos impedimentos que se lle queren impoñer.




## OBRADOIRO DE FOGUETES ESPACIAIS

Duración: 2 horas

Prazas limitadas: 15

Destinatarios: nen@s a partir do 5 anos

Inscripciones: Dpto. de Cultura do Concello



## VENRES 18 DE AGOSTO

Compañía: TÍTERES ALAXRÁN

Espectáculo: A PITA XEFA

Duración: 50 minutos

Clasificación: Teatro infantil / Monicreques

Idade (público infantil e familiar): a partir dos 5 anos

**Sinopse:** É un espectáculo de teatro de monicreques, baseado no libro "A pita xefa" escrito por Marta Lado e editado por Baía Edicións.

A temática axústase estritamente ás bases, criticando os roles de xénero tan asentados na nosa sociedade e loitando contra os estereotipos, cunha historia orixinal, divertida e reivindicativa sen caer en dogmas nin estereotipos.

Enmárcase nun mundo animal-natureza co que é doado que se identifiquen as lectoras e lectores aos que vai dirixida, considerando un acerto o emprego da imaxe do galiñeiro, que ilustra perfectamente as leis que rexen o comportamento dos distintos individuos que o forman, piramidal e dominada polo galo.

Abre a porta a unha mudanza dos comportamentos establecidos dun xeito lúdico sen caer no dirixismo e tratando á rapazada con intelixencia. Anima a romper cos esquemas sexistas dominantes, pon de manifesto a utilidade da unión e anima a loitar por un obxectivo igualitario.



### OBRADOIRO DE TÍTERES

Duración: 2 horas

Prazas limitadas: 15

Destinatarios: nen@s a partir do 4 anos

Inscripciones: Dpto. de Cultura do Concello